**ACTAS E GOBERNO**
JDR/arm
Refª: ispac183815911464179780.doc
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-2-2024

Concello de Lugo

## DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000005.

**Excma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións o vindeiro **mércores**, día **7 de febreiro de 2024**, **ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 3, 10, 17, 24 E 31 DE XANEIRO DE 2024.

### ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

**VICESECRETARÍA**

2. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DIRECTOR XERAL DE URBANISMO.

### ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

**PERSOAL**

3. NOMEAMENTO DE 2 FUNCIONARIOS DE CARREIRA COA CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL.

4. PROPOSTA DECLARANDO DESERTA A COBERTURA TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVIZOS DA XEFATURA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

5. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DUNHA PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 06/02/2024)
Decreto Nº: 1012/2024 - Fecha de firma: 06/02/2024
Versión imprimible
Firmado por: **539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-02-06 14:34:54.00)
CVD: MNXtJPSQXOyJE1cR/fmS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto: 1012/2024

RECADADOR/A NA PRÓXIMA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2024.

**FACENDA LOCAL**

6. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE ALPENDRES DE VACÚN E SILO FORRAXEIRO E AMPLIACIÓN DE CORTE E FOXA DE XURRO EN GALEGOS, NÚMERO 3, SANTIAGO DE SAA.

7. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCIÓN DE ALPENDRE PARA A GARDA DE APEIROS DE LABRANZA NO LUGAR DE LEIRA DO TOXO, PARROQUIA DE SANTA MARÍA ALTA.

8. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA A DEMOLICIÓN TOTAL DE DÚAS EDIFICACIÓNS EN RONDA DA MURALLA, NÚMEROS 37 E 38.

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

**ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaria, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira,



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 06/02/2024)
Decreto Nº: 1012/2024 - Fecha de firma: 06/02/2024
Versión imprimible

sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 06/02/2024)
Decreto Nº: 1012/2024 - Fecha de firma: 06/02/2024
Versión imprimible